

Suxestión dirixida ao Concello de Portomarín para que, por parte do Concello e unha vez comprobada a falta de iluminación pública referida pola reclamante, se reconsidere a situación do servizo na zona referida na queixa, procedendo a instalar algún punto de luz nas rúas que carecen del.

Expediente: N.9.Q/41/23

Santiago de Compostela, 14 de xullo de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO**.- No seu escrito, a reclamante pon de manifesto como motivo da súa queixa, esencialmente, o seguinte:

*En diciembre de 2021 hubo una avería y la parroquia se quedó sin luz pública, una parte la arreglaron pero otra parte del pueblo se quedó sin luz a pesar de las reiteradas quejas. Pasaron más de seis meses sin luz hasta que la queja salió publicada en el diario El Progreso, al día siguiente en tan solo 5 minutos arreglaron la luz a pesar de que habían dicho que era una avería "enorme y tendrían que cambiar todo el tableado.*

*La fuente pública lleva sin luz desde diciembre de 2021, varias veces se lo dije al alcalde pero no tuve más respuestas.*

*En el mes de noviembre se volvieron a quedar sin luz, le envié un mensaje al alcalde y dijo que lo acababan de solucionar pero otra vez volvió a quedar una parte de la parroquia sin luz. Volvió a salir una queja publicada en el Progreso pero no volvieron a arreglar nada y así hasta la fecha.*

*Hay casas que a pesar de estar al corriente con sus impuestos y no residir nadie en ellas carecen de alumbrado público.*

*Hay farolas alumbrando los contenedores de basura y hasta hay una luz alumbrando un gallinero en lugar de estar puesta en una casa aledaña."*

**SEGUNDO.-** A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe a ese concello que que xa nolo remitiu e no que, esencialmente, se pon de manifesto que:

*Por medio da presente quero indicar que o asunto en cuestión tense en conta por parte deste Concello pero ao igual que a meirande parte dos Concellos pequenos temos déficit de persoal especializado para poder acometer as renovacións necesarias nos servizos de alumeado ou abastecemento con medios propios polo que dependemos de axudas ou subvencións para poder acometer obras ou instalacións de certa importancia ou dificultade técnica, como é o caso.*

*Polo que compre dicir que estas obras de renovación da instalación de alumeado público do concello estanse a acometer cando dispoñemos de axudas ou subvencións para elo e mentres irnos amañando pequenas avarías co persoal e medios dos que dispoñemos, no caso en cuestión a obra xa é dunha certa importancia tanto a nivel técnico como de orzamento (substitución de cabreado e cadro de mando e protección), polo que ata que dispoñamos dunha axuda non podemos acometer tal inversión, polo que cando xurde unha avaría irnos amañando como e cando podemos cos nosos medios.*

Tendo en conta o exposto, cómpre facer as seguintes

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.-** Analizado o escrito de queixa e o exposto na información remitida polo Concello de Portomarín é preciso facer as seguintes consideracións:

1º.- Que para poder acometer obras ou instalacións de certa importancia ou dificultade técnica, como é o caso o concello depende de axudas ou subvencións .

2º.- Segundo a información facilitada polo concello, estas obras de renovación da instalación de alumeado público do concello estanse a acometer cando dispoñen de axudas ou subvencións, se ben mentres non contan con estas axudas ou subvencións, van amañando pequenas avarías co persoal e medios dos que dispoñen.

3º.- No caso referido no escrito de queixa, o concello informa que se trata dunha obra de certa importancia, polo que ata que dispoñan dunha axuda non poden acometer tal investimento.

**SEGUNDA.-** Destacar en primeiro lugar que non constitúe una misión desta institución suplantar o labor que as entidades locais realizan no ámbito das potestades de autoorganización que lles ven recoñecida legalmente.

Así, no exercicio das súas competencias deben deseñar e poñer en práctica, para dar cumprimento ás súas funcións de prestación do servizo de alumeadado público, un sistema de ubicación de luminarias, distribución das mesmas nas rúas e frecuencia ou alternancia no aceso, que poidera parecer inadecuado a quenes se vexan afectados polo mesmo, pero iso non é por si so argumento bastante como para xustificar unha solicitude de modificación do mesmo, na medida en que con iso se puidera afectar a outros veciños que poderían facer valer o mesmo tipo de argumento facendo inviable calquera opción que se propoña.

**TERCEIRA-** Conforme ao disposto no artigo 26.1 a) da Lei de Bases do Réxime Local, o alumeadado das vías públicas é un servizo público mínimo, que responde ao esforzo do lexislador por facer chegar a tódolos cidadáns un mínimo común de prestación e conecta, polo tanto, cos artigos 1.1, 9.2 e 14 da Constitución.

As autoridades locais deben adoptar cantas medidas resulten necesarias para garantir que en tódalas zonas públicas das súas localidades a iluminación sexa suficiente e non existan zonas escuras; en especial nas zonas nas que hai vivendas, pequenas industrias ou explotacións, pode dar prioridade ás ditas vías, pero non deben existir diferencias entre unhas rúas e outras, xa que o alumeadado público non se presta para os residentes en particular, senón para a xeneralidade de usuarios, extremo que sería necesario que tivera en conta o concello comprobando a situación referida pola reclamante e as súas necesidades de iluminación, xa que ao carecer de alumeadado, como manifesta a reclamante, estaríamos ante un suposto de falta de prestación dun servizo público obrigatorio.

A tal efecto, cómpre ter en conta que a reclamante no seu escrito de queixa pon de manifesto que:

“Hay farolas alumbrando los contenedores de basura y hasta hay una luz alumbrando un gallinero en lugar de estar puesta en una casa aledaña.”

Dende esta institución considérase oportuno comprobar este extremo e, de ser o caso, reconsiderar a situación do servizo na zona referida na queixa, procedendo a instalar algún punto de luz nas rúas que carecen del, garantindo así que presta este servizo esencial en tódolos espazos públicos da súa poboación.

Por todo o exposto, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Portomarín a seguinte :

### **SUXESTIÓN**

*Que, por parte do Concello e unha vez comprobada a falta de iluminación pública referida pola reclamante, se reconsidere a situación do servizo na zona referida na queixa, procedendo a instalar algún punto de luz nas rúas que carecen del.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación d da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolles saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.



María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado dixitalmente)